



## **APE GALICIA – NOVAS NOVIEMBRE 2025**

- REUNIÓN APE GALICIA – PARTIDO POPULAR EN GÉNOVA
- REUNIÓN DE TRABALLO APE GALICIA – SENADORES GALEGOS
- XXVII PREMIOS EMPRENDE AJE PONTEVEDRA
- 10º ANIVERSARIO CDL VILANOVA DE AROUSA
- PREMIOS COMERCIO GALEGO 2025
- IV CONFERENCIA MUNDIAL SOBRE LAS MUJERES EN BEIJING EN EL PARLAMENTO DE GALICIA
- CHARLAS DE EMPRENDEMENTO APE GALICIA - XUNTA
- IX ENCONTRO EMPRESARIAL EN LALÍN

## REUNIÓN APE GALICIA – PARTIDO POPULAR EN GÉNOVA



El presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, y la vicepresidenta, Silvia Crespo, se reunieron en Génova con Paco Conde y Juan Bravo (PP) para trasladar las prioridades del colectivo:

- Transposición urgente del IVA franquiciado.
- Formación y acompañamiento real.
- Hacer atractivo ser autónomo.

Porque cuando los autónomos avanzan, avanza Galicia.

## REUNIÓN DE TRABAJO APE GALICIA – SENADORES GALEGOS



O noso presidente, José Ramón Caldas, e a vicepresidenta, Silvia Crespo, participaron nunha reunión cos senadores galegos na que nos presentaron o “Contrato cos Autónomos” anunciado por Alberto Núñez Feijóo .

Tras escoitar as propostas, trasladamos as nosas observacións e pedimos axilidade para convertelas en medidas reais.

Os autónomos non poden esperar máis: necesitan estabilidade, protección e resultados.

Agradecemos a atención e proximidade dos senadores, e o compromiso de seguir traballando xuntos en todo o territorio galego.

Seguiremos reuníndonos con quen queira escoitar e construír.

Porque cando os autónomos avanzan, Galicia avanza.

## XXVII PREMIOS EMPRENDE AJE PONTEVEDRA



Onte en Pontevedra celebráronse os XXVII Premios Emprende de AJE, unha cita chea de ilusión e talento novo que impulsa o futuro de Galicia.

En representación de APE Galicia, asistiu a vicepresidenta por Pontevedra, Silvia Crespo, acompañando e apoiando ás persoas emprendedoras que cada día fan medrar o tecido empresarial da nosa terra.

Desde APE Galicia seguimos comprometidos en impulsar o emprendemento, defender aos autónomos e crear oportunidades en todo o territorio galego.

Os premiados da noite foron:

Premio Xove  
Empresario: @wearebirdmind\_

Premio Iniciativa Emprendedora: Rumbo Norte Food

Mencións Honoríficas: @suas\_move, @aecogranxa

Premio de Honra: O Cañón de Pau  
@ocanondepau

### 10º ANIVERSARIO CDL VILANOVA DE AROUSA



O pasado 12 de novembro estivemos celebrando 10º aniversario do CDL de Vilanova de Arousa.

O noso presidente José Ramón Caldas e a vicepresidenta Silvia Crespo asistiron ao acto no Pazo Vista Real, clausurado polo conselleiro José González.

Celebramos 10 anos creando emprego e emprendemento e reforzamos a colaboración institucional.

Novidades: aceleradora “Xunta Impulsa” (candidaturas ata o 3 de decembro) e medidas para 2026 para cooperativas, persoas autónomas e a Rede de Polos.

### PREMIOS COMERCIO GALEGO 2025

O pasado 12 de novembro tivo lugar o acto dos #PremiosComercioGalego 2025 organizados pola Xunta de Galicia Comercio360 Galicia, en representación de APE Galicia asistiron José Ramón Caldas, presidente de APE Galicia e Silvia Crespo como vicepresidenta, dende aquí queremos trasladarlles os nosos parabéns a tódolos finalistas desta edición e, sobre todo, aos premiados:

Categoría Premio Comercio Galego resultaron galardoadas @creativasgalegas

Categoría Premio Comercio Traxectoria o galardón recaeu en @panaderiapallares

Categoría Premio Comercio Emprande o galardón recaeu en @amorascarballino

Categoría Premio Comercio Dinamización resultou galardoado Viveiro Centro Comercial Histórico

Categoría Premio Comercio Sostible o galardón recaeu en a @tendasarroupa



### IV CONFERENCIA MUNDIAL SOBRE LAS MUJERES EN BEIJING EN EL PARLAMENTO DE GALICIA



O pasado 14 de novembro o noso presidente José Ramón Caldas e a vicepresidenta Silvia Crespo asistiron ao acto conmemorativo do 30 aniversario da IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres en Beijing no Parlamento de Galicia.

O presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices, lembrou o papel pioneiro da Cámara galega nas políticas de igualdade e como a Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing seguen marcando o camiño cara a unha igualdade real.

Para nós foi un privilexio compartir unhas palabras con Manuela López Besteiro, “Manolita”, exconselleira de Igualdade e unha

das grandes referentes nesta conversa sobre os dereitos das mulleres.

## CHARLAS DE EMPRENDEMENTO

APE Galicia, o pasado 20 de novembro organizou en Pontevedra un encontro provincial que reuniu os Polos de Emprendemento de Vilanova de Arousa, O Porriño e Silleda nun formato de merenda-networking deseñado para compartir experiencias, visibilizar proxectos de éxito e reforzar o apoio ás persoas que queren emprender na provincia. A xornada estivo moderada por Silvia Crespo, mentres que Marta Mariño, directora xeral, actuou como fío condutor das conversas e aportou visión estratéxica sobre o acompañamento ao emprendemento.

Participaron responsables de cada polo e os proxectos convidados: Gerentino App (Vilanova de Arousa), Meleiras do Suído (O Porriño) e Round Finance (Silleda). As persoas promotoras —Luis Miguel, Melisa Terán e Berta Redondo— expuxeron os seus proxectos, retos e aprendizaxes. No lado técnico, ademais de Arancha García e Adrián Caamaño, contou coa participación de Susana Puga como técnicos de polo, quen contribuíron a explicar o traballo de acompañamento, asesoramento e formación que ofrecen os Polos como porta de entrada ao ecosistema emprendedor.

O programa estruturouse en tres mesas redondas nas que se abordaron temas clave: primeiros pasos para emprender, dificultades habituais e estratexias para superalas, a importancia do acompañamento técnico e da formación, e as aprendizaxes persoais das persoas promotoras. O formato de merenda-networking favoreceu un ambiente próximo e a interacción co público, promovendo o intercambio de impresións e a creación de novas sinerxías entre emprendedores, técnicos e institucións.

Ademais, Belén Liste, subdirectora xeral da Xunta de Galicia, presentou as principais liñas de axudas para persoas autónomas e animou a aproveitar os servizos dos Polos como canle de acceso a recursos administrativos e formativos.

Na clausura interviñeron o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e o secretario xeral da Xunta de Galicia, Pablo Fernández, que subliñaron o compromiso compartido de fortalecer o tecido emprendedor galego, especialmente nos primeiros anos de vida dos proxectos.



En conxunto, o encontro puxo de manifesto que Galicia dispón de talento, ideas e recursos para emprender, e que a colaboración entre os Polos de Emprendemento, APE Galicia e a Administración autonómica segue a ser clave para acompañar e consolidar novas iniciativas empresariais na provincia de Pontevedra.

## IX ENCONTRO EMPRESARIAL EN LALÍN

A nosa entidade acompañou a AEDEZA no IX Encontro Empresarial celebrado o sábado 22 en Lalín, no emblemático Pazo de Bendoiro. O acto contou coa participación do presidente, José Ramón Caldas, e da vicepresidenta, Silvia Crespo.

Durante a xornada, recoceuse o labor de nove empresas asociadas, que foron distinguidas nesta edición: Vinos Manuel Gil, Jarnovo A Carpintería, Proquideza, O Chabulli de Toupiña, Panadería da Morena, Restaurante A Molinera, Qichen Biococina Nutrición, Casa Sanmartín do Corpiño e Canteras del Arenal.

O encontro estivo marcado polo emotivo discurso de despedida do presidente de AEDEZA, nun acto que contou tamén co respaldo institucional da Xunta de Galicia, da CEG e de representantes municipais encabezados por José Crespo Iglesias.



<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



<https://www.instagram.com/apegalicia/>



Para mais información, visita a nosa web:

# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gagos de  
Mendoza N°2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra

